

# **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN**

**EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL**

**DEPARTAMENTO DE DEBUXO DO CPI CRUZ DO SAR (BERGONDO)**

**PROGRAMACIÓN CURSO 2022 - 2023**

# 1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN DA MATERIA DE EPVA NOS NIVEIS DE 1º DE ESO E 3º DE ESO

## 1.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

### 1.1.1. AVALIACIÓNS PARCIAIS

A Educación Plástica, Visual e Audiovisual é unha materia cunha importante compoñente manipulativa; o sentido da área ven caracterizado pola consolidación das destrezas básicas que se refiren ao "saber ver" e "saber facer".

Pretendemos que o alumnado domine tanto os conceptos e linguaxe propia da materia como os procedementos que lle permitan aplicar eses conceptos á resolución de exercicios concretos, e valorar tanto o esforzo na asimilación dos contidos como a creatividade con que os empregan na elaboración de mensaxes gráficas.

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades didácticas establecerase, polo tanto, do seguinte xeito:

a) Realización e entrega de traballos prácticos. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os exercicios propostos, valorando cun 0 os non presentados. A entregas fóra do prazo establecido, a non ser que se xustifique debidamente ese retraso terá unha penalización dun punto. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 70%

b) Probas teórico-prácticas ao remate de cada avaliación parcial. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 30%.

En cada avaliación o alumno/a poderá sumar ata 1 punto na nota final mediante traballos propostos tanto polo profesor como polos alumnos e alumnas.

Consideramos importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que as prácticas sexan entregadas nos prazos establecidos. Así mesmo, tratándose dunha área na que aspectos compositivos e estéticos son significativos, o alumnado deberá esmerarse na presentación dos traballos.

O alumnado traballará fundamentalmente na aula, estimulándose a colaboración en equipos de traballo, aínda que poderá rematar ou realizar algunhas tarefas na casa, en réxime de traballo individual.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación, podendo aplicarse con instrumentos como escalas de valoración, listas de cotexo, rúbricas... Como exemplo dalgúns que se poden empregar na meirande parte das unidades didácticas:

- Acaba e presenta correctamente no prazo establecido o traballo, tendo en conta a limpeza, orde e claridade.
- Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.
- Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...).
- É quen de expresar con corrección os conceptos e utilizar a terminoloxía sobre os que se traballa e o proceso seguido na realización da práctica.
- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesorado e segue un proceso de traballo correcto.
- Nos traballos grupais, leva a cabo as tarefas asignadas e a súa participación é respectuosa e colaborativa.

No momento de avaliar a asimilación dos conceptos, o traballo desenvolvido e a adquisición das competencias, teranse en conta as seguintes ferramentas:

- a) Coñecemento do alumnado, que xurdirá da interpretación dos datos contidos na avaliación inicial, as follas de rexistro e utilización das técnicas de observación e probas escritas.
- b) Carpeta de prácticas do alumno/a.
- c) Actividades orais, escritas e gráficas realizadas na aula.
- d) Intervencións e participación no conxunto da clase ou grupo.
- e) Valoración da expresión do alumnado e dos traballos realizados individualmente e/ou en grupo.

### 1.1.2. AVALIACIÓN FINAL

A lexislación vixente establece que a terceira avaliación parcial do alumnado de ESO debe realizarse nos primeiros días de xuño, realizándose a avaliación final ao remate do período de clases (22 de xuño).

O período entre a terceira avaliación e a avaliación final dedicarase a actividades de reforzo, recuperación e ampliación.

A fin de concretar este período intermedio, a cualificación do alumnado que supere as tres avaliacións parciais será a seguinte:

- 25% da nota da primeira avaliación.
- 35% da nota da segunda avaliación.
- 40% da nota da terceira avaliación.

Para a avaliación final, dito cálculo suporá un 90% da nota final. Computarase cun 10 % para a nota final as actividades de reforzo previstas para os últimos días do mes de xuño. Ditas actividades deberán ser propostas ou aceptadas polo profesorado que estará aberto a propostas creativas do alumnado.

Segundo as instrucións da Orde do 27 de decembro de 2022 que modifica a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, temos en conta estes aspectos na nosa Programación Didáctica:

- A sesión de avaliación final do alumnado de educación secundaria obrigatoria deberá realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023.
- A sesión da terceira avaliación parcial na educación secundaria obrigatoria deberá coincidir con esa sesión de avaliación final.

Por estes motivos modificamos, a continuación, o apartado: "2. Avaliación Final".

- Eliminamos o parágrafo: "Para a avaliación final, dito cálculo suporá un 90% da nota final. Computarase cun 10 % para a nota final as actividades de reforzo previstas para os últimos días do mes de xuño. Ditas actividades deberán ser propostas ou aceptadas polo profesor que estará aberto a propostas creativas do alumnado".
- Engadimos o parágrafo: "A nota final será a media das tres avaliacións conforme á ponderación indicada anteriormente."

## 1.2. CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

### 1.2.1. RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO

Conforme ao concepto de avaliación continua, e tendo en conta que moitos contidos se traballan en varias avaliacións, o alumnado poderá recuperar unha avaliación non superada en función dunha evolución positiva nos exercicios realizados e mellora do rendemento académico que acredite a asimilación dos conceptos inicialmente non asimilados e a súa aplicación nos exercicios. A este respecto, poderán propoñerse actividades de reforzo que permitan asegurar esa asimilación así como probas escritas dos contidos establecidos.

### 1.2.2. RECUPERACIÓN FINAL

O alumnado que non supere a materia por medio das tres avaliacións parciais deberá acreditar un nivel de competencias equiparable. Para elo, o alumno ou alumna que non chegue a un 5 na nota ordinaria por curso, terá a opción de recuperar esa cualificación nun exame final dividido en tres partes, para cada unha das tres avaliacións, que poderá realizar total ou parcialmente. Na data dese exame poderá entregar as prácticas repetidas que considere. As notas destas probas e das prácticas substituirán ás correspondentes e servirán para recalcular a nota ordinaria final. Igualmente, o alumnado aprobado poderá presentarse á proba trimestral ou entregar novas prácticas, como considere, e a súa nota será de novo recalculada conforme á ponderación indicada no apartado anterior.

## 2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN DA MATERIA DE EPVA NO NIVEL DE 4º DE ESO

### 2.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

#### 2.1.1. AVALIACIÓNS PARCIAIS

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria será integradora, tendo en conta a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias clave. A avaliación da materia realizarase de maneira diferenciada polo profesor que a imparte, tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis. Ademais, a avaliación será continua, detectando as dificultades de aprendizaxe no momento que se produzan, adoptando as medidas necesarias que permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garántalles a adquisición das competencias clave para continuar o proceso educativo.

A avaliación é un sistema que comproba se un proceso cumpriu unha realidade en relación a un modelo establecido, plasmado a través duns obxectivos. A avaliación educativa é un valioso instrumento de seguimento e de valoración dos resultados obtidos, así como a mellora dos procesos que permiten obtelos. A avaliación ao longo do curso será continua e formativa, realizando un balance da mesma ao final de cada trimestre ou coincidindo cos períodos asignados para avaliacións polo equipo directivo do centro docente.

Será fundamentalmente formativa, dándolle máis importancia ao proceso que ao resultado. Para iso utilizaremos os seguintes criterios:

1. Actitude cara á materia.
2. Traballo individualizado e en equipo.
3. Colaboración cos seus compañeiros e co profesor.
4. Comportamento e normas de convivencia na aula, no centro e nas actividades lectivas complementarias que se desenvolvan neste.
5. Presentación e limpeza nos traballos realizados. A materia de EPVA ten unha gran porcentaxe de aplicación práctica, polo que os traballos propostos serán de entrega obrigatoria e dentro dos prazos fixados polo profesor coa flexibilidade necesaria.
6. Asistencia e puntualidade a clase (dereito e deberes dos alumnos). Nos exercicios prácticos terase en conta o acabado e dominio da técnica, a orixinalidade e adecuación ao proposto. Do mesmo xeito, se se considerase necesario, poderían realizarse exercicios teóricos de control tendo en conta o coñecemento da linguaxe específica e o seu dominio, a claridade na expresión dos conceptos e a coherencia das redaccións, a comprensión dos trazados xeométricos e a exactitude na súa execución, os recursos técnicos e teóricos utilizados na realización de composicións, o sentido e a carga simbólica coas que estas se presenten, etc. dentro dos estándares marcados polo currículo. Os exercicios teóricos poderán consistir en controis (exames), esquemas, resumos, exposicións orais, etc. a criterio do profesor. Os exercicios teóricos e prácticos contarán ata un 90% da nota da avaliación, resultado da media da suma das calificacións de cada traballo proposto. A actitude ante a materia así como cara aos compañeiros e o comportamento dentro da aula (atención, participación, respecto aos materiais, entrega de traballos nos prazos indicados así como realización dos mesmos na aula, traer o material da materia e coidalos convenientemente, etc.) contará un 10% da nota total de cada avaliación. Será condición indispensable para aprobar a presentación da totalidade das láminas ou traballos de carácter práctico e teórico sinalados polo profesor en clase.

Dado o carácter fundamentalmente práctico da materia, valorarase moito a actitude e o traballo diario do alumnado e a súa evolución dende o seu nivel inicial. Aplicarase unha avaliación continua o formativa que está integrada no proceso de ensinanza e aprendizaxe coa finalidade de axudar a aprender, condicionar un estudo intelixente e corrixir erros a tempo. Para iso establécense diferentes probas e actividades durante todo o período lectivo que serán avaliadas:

1. Traballos prácticos que se recollerán periodicamente para a súa valoración. Os traballos se realizarán obrigatoriedade na aula e valorarase de 0 a 10. Avaliarase unicamente os traballos feitos na clase. No caso de non poder terminar un traballo por ausencia xustificada ou por tempo insuficiente, dada a minuciosidade do mesmo, ou por traballar a un ritmo máis lento cos demais, será o profesor o que autorice a levar os traballos para traelos rematados da casa.

2. Se o profesor o considera pertinente realizaranse probas escritas que permitan coñecer o grao de comprensión dalgúns contidos teóricos. Tamén se valorarán de 0 a 10.

3. Observación directa do alumno para comprobar: traballo diario, participación na aula, apuntes recollidos na clase, fichas de autoavaliación, interese por traer o material que se lle solicita, etc.

No caso en que unha avaliación precise exame (teórico ou práctico) polos contidos que se impartiron, a nota será o resultado da seguinte media:

EXAMES 30%

EXERCICIOS e PROXECTOS 60%

TRABALLO E ACTITUDE NA AULA 10%

No caso en que unha avaliación non precise de exame (teórico ou práctico) polos contidos que se impartiron, a nota será a suma da cualificación dos traballos entregados e da actitude na aula. A nota final da avaliación sairá da seguinte media:

EXERCICIOS e PROXECTOS 90%

TRABALLO E ACTITUDE NA AULA 10%

Se un alumno ou alumna copia nun exame a súa puntuación será cero.

Os elementos de referencia para concretar a avaliación dos criterios citados serán: control do coñecemento sobre os contidos teóricos da materia (bloques temáticos propostos) reflectidos na realización das láminas ou traballos (individuais ou en equipo) de aplicación dos devanditos bloques, que na programación de cada curso aparecen reflectidos como actividades prácticas, proceso de realización de cada lámina ou traballo práctico e observación continuada por parte do profesor da actividade cotiá na aula.

Considérase imprescindible para aprobar a materia a realización de todos os traballos prácticos programados. Os criterios de avaliación, ademais de permitir a valoración do tipo e grao de aprendizaxe adquirida, convértense en referente fundamental para valorar a adquisición das competencias clave.

### 2.1.2. AVALIACIÓN FINAL

A lexislación vixente establece que a terceira avaliación parcial do alumnado de ESO debe realizarse nos primeiros días de xuño, realizándose a avaliación final ao remate do período de clases (22 de xuño).

O período entre a terceira avaliación e a avaliación final dedicarase a actividades de reforzo, recuperación e ampliación.

A fin de concretar este período intermedio, a cualificación do alumnado que supere as tres avaliacións parciais será a seguinte:

- 25% da nota da primeira avaliación.
- 35% da nota da segunda avaliación.
- 40% da nota da terceira avaliación.

Para a avaliación final, dito cálculo suporá un 90% da nota final. Computarase cun 10 % para a nota final as actividades de reforzo previstas para os últimos días do mes de xuño. Ditas actividades deberán ser propostas ou aceptadas polo profesorado que estará aberto a propostas creativas do alumnado.

Segundo as instrucións da Orde do 27 de decembro de 2022 que modifica a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, temos en conta estes aspectos na nosa Programación Didáctica:

- A sesión de avaliación final do alumnado de educación secundaria obrigatoria deberá realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023.
- A sesión da terceira avaliación parcial na educación secundaria obrigatoria deberá coincidir con esa sesión de avaliación final.

Por estes motivos modificamos, a continuación, o apartado: "2. Avaliación Final".

- Eliminamos o parágrafo: "Para a avaliación final, dito cálculo suporá un 90% da nota final. Computarase cun 10% para a nota final as actividades de reforzo previstas para os últimos días do mes de xuño. Ditas actividades deberán ser propostas ou aceptadas polo profesor que estará aberto a propostas creativas do alumnado".
- Engadimos o parágrafo: "A nota final será a media das tres avaliacións conforme á ponderación indicada anteriormente."

## 2.2. CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

### 2.2.1. RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO

Conforme ao concepto de avaliación continua, e tendo en conta que moitos contidos se traballan en varias avaliacións, o alumnado poderá recuperar unha avaliación non superada en función dunha evolución positiva nos exercicios realizados e mellora do rendemento académico que acredite a asimilación dos conceptos inicialmente non asimilados e a súa aplicación nos exercicios. A este respecto, poderán propoñerse actividades de reforzo que permitan asegurar esa asimilación así como probas escritas dos contidos establecidos.

### 2.2.2. RECUPERACIÓN FINAL

O alumnado que non supere a materia por medio das tres avaliacións parciais deberá acreditar un nivel de competencias equiparable. Para elo, o alumno ou alumna que non chegue a un 5 na nota ordinaria por curso, terá a opción de recuperar esa cualificación nun exame final dividido en tres partes, para cada unha das tres avaliacións, que poderá realizar total ou parcialmente. Na data dese exame poderá entregar as prácticas repetidas que considere. As notas destas probas e das prácticas substituirán ás correspondentes e servirán para recalcular a nota ordinaria final. Igualmente, o alumnado aprobado poderá presentarse á proba trimestral ou entregar novas prácticas, como considere, e a súa nota será de novo recalculada conforme á ponderación indicada no apartado anterior.